

> 2

O reto
do emprego
A chave da
incorporación social



O emprego é clave para garantir a igualdade de oportunidades. A maioría dos membros da comunidade xitana galega teñen seriamente limitadas as súas posibilidades de igualdade na participación social plena pola grande distancia que aínda lles separa da formación e o acceso aos empregos normalizados. Segundo dados do Estudo sobre A comunidade Xitana en Galicia 1990-2000, só o 7,5% da poboación xitana galega traballa por conta allea.

No panorama laboral das persoas xitanas galegas predominan as ocupacións que tradicionalmente viñeron exercendo: venda ambulante, recollida de residuos, traballos de tempada.... Estas ocupacións, a miúdo en recesión, son cada vez mais insuficientes para garantir o sostemento familiar e o acceso a outros bens e recursos, e xeran unha situación de dependencia das prestacións sociais.

Desde o punto de vista do contexto social, a comunidade xitana en Galicia se enfrenta aos seguintes retos:

- En canto á igualdade de oportunidades, a comunidade xitana galega segue tendo un déficit importante en relación á sociedade maioritaria en educación, vivenda e emprego.
- A construción da súa cidadanía baséase nuns dereitos insuficientemente garantidos e uns deberes asumidos.
- Hai un insuficiente recoñecemento da súa cultura e iso xera por parte dos xitanos e xitanas resistencia ao “non xitano”.
- A falta da promoción das minorías no noso país causa rexeitamento por parte da sociedade maioritaria. Este rexeitamento baséase en estereotipos e prexuízos derivados do descoñecemento que bloquean as oportunidades.

O programa Acceder en Galicia levou a cabo nestes anos unha política sociolaboral con persoas xitanas desde un enfoque integral para dar respostas a estas necesidades. Todas as actuacións aplicáronse en dúas direccións: unha dirixida cara a propia comunidade xitana, a través de actuacións que contribuíron a mellorar a súa situación sociolaboral; e a outra dirixida á sociedade a través de medidas de sensibilización social que dean unha imaxe mais real da comunidade xitana actual.

O programa Acceder promove a inserción laboral da poboación xitana no mercado de traballo ordinario: conseguir empregos, impulsar unha vontade entre os xitanos e xitanas para se incorporar a este mercado, pór ao seu alcance ferramentas formativas, de orientación e acompañamento que o fagan posíbel e operar coas empresas e outros axentes sociais de Galicia para facilitar este cambio.

A poboación xitana quere traballar e é un “potencial activo” de grande importancia para o mercado de traballo

